


*Á porta daquel muíño
púxenme a considerar
as voltas que da o reducio
e ainda as que ten que dar.*



*Fun esta noite o muíño
non moín nin muiñe,
perdín a trenza do pelo
iso foi o que gañei.*

OS MUÍÑOS DE AUGA NA PARROQUIA DE CELA



Muíño do Tombo


Calquera de nós pasando algunha vez ó lado desas pequenas edificacións derruidas e cheas de silvas espalladas nos ríos e regueiros de toda Galicia, está ollando muíños de auga.

O uso cotiá nalgúns lugares do rural e o esforzo restaurador deben permitir a recuperación respectando o modelo orixinal.

Apúntase a Idade Media como a época na que se construíron os primeiros muíños movidos por auga, que co paso dos séculos convertéronse nun dos elementos esenciais da nosa arquitectura popular.

Co avance da sociedade os muíños de auga foron caendo en desuso, substituídos e abandonados. As novas tecnoloxías, enerxías e industrias favorecen o desenvolvemento da economía ó mesmo tempo que promoven o abandono dos costumes tradicionais; coa súa desaparición esváese unha parte do noso patrimonio.

Os muíños tiñan ademais unha importante función social: lugar onde se establecían relacións de vecindade, trula e festa, e onde a picaresca amorosa éncheo de complicidases.



Os de canle ou directos

A auga accede á bodega por un canal de pedra máis estreito e profundo canto mais se chega ás penas do reducio precipitándose con forza. Este sistema acostuma a instalarse en ríos de caudal aceptable ou nos tramos medios e baixos dos regatos.

Os de cubo que precisan dun almacenamento previo da auga e dunha saída abocada dun chorro que logre suplir a carencia do caudal regular.

A auga almacénase nun cubo ou funil de pedra adosado ó muro posterior do muíño.



Nas aceas ou muíños de noria, ó tratarse dun reducio vertical acoplado á parede, a canle precisa dunha maior altura; pero o sistema é semellante por chorro directo ás penas


da bruia. Nos dous casos existentes na parroquia, a maquía dos Fazáns e a maquía dos Freire, tiñan como diferencia que na primeira o eixo conductor da之力 era directo como no caso dos de reducio, fronte á dos Freire onde a enxeñería aplicada utilizaba unhas engranaxes que multiplicaban a之力 aumentando o rendemento e capacidade de moer, apta para unha maquía que tiña por fin o cobro por moenda. As espectativas víronse truncadas coa chegada da electricidade.

A súa nomenclatura: partes e pezas

Atendendo ó sistema de canalización da auga temos primeiramente a **presa**, que é o rego ou conducción da auga pola terra dende o río principal onde se tapa ata a canle ou cubo que a introduce no muíño. Atopamos tamén presas de pedra debidas á pendente do terreo para evitar o esbarroamento.

A **canle** é o canal de pedra de pendente acusada,dá nome a este tipo de muíños, e leva a auga dende a presa ata as penas no reducio da bodega. O regueiriño interno que leva a auga vai cambiando de ancho, sendo amplio no comezo e estreito na saída para acusar o chorro.





Os de canle ou directos

A auga accede á bodega por un canal de pedra máis estreito e profundo canto mais se achega ás penas do reducio precipitándose con forza. Este sistema acostuma a instalarse en ríos de caudal aceptable ou nos tramos medios e baixos dos regatos.

Os de cubo que precisan dun almacenamento previo da auga e dunha saída abocada dun chorro que logre suplir a carencia do caudal regular.

A auga almacénase nun cubo ou funil de pedra adosado ó muro posterior do muíño.



Nas aceas ou muíños de noria, ó tratarse dun reducio vertical acoplado á parede, a canle precisa dunha maior altura; pero o sistema é semellante por chorro directo ás penas

da bruia. Nos dous casos existentes na parroquia, a maquía dos Fazáns e a maquía dos Freire, tiñan como diferencia que na primeira o eixo conductor da之力 era directo como no caso dos de reducio, fronte á dos Freire onde a enxeñería aplicada utilizaba unhas engranaxes que multiplicaban a之力 aumentando o rendemento e capacidade de moer, apta para unha maquía que tiña por fin o cobro por moenda. As espectativas víronse truncadas coa chegada da electricidade.

A súa nomenclatura: partes e pezas

Atendendo ó sistema de canalización da auga temos primeiramente a **presa**, que é o rego ou conducción da auga pola terra dende o río principal onde se tapa ata a canle ou cubo que a introduce no muíño. Atopamos tamén presas de pedra debidas á pendente do terreo para evitar o esbarroamento.

A **canle** é o canal de pedra de pendente acusada,dá nome a este tipo de muíños, e leva a auga dende a presa ata as penas no reducio da bodega. O regueiriño interno que leva a auga vai cambiando de ancho, sendo amplio no comezo e estreito na saída para acusar o chorro.




O **cubo** é un poliedro de pedra adosado ó muro traseiro do muíño que almacena a auga dos regatos de pouco ou irregular caudal. A saída da auga do cubo estaba regulada pola **sateira**, conxunto de táboas de madeira que atoaban ou ceibaban a auga e podían manipularse dende o interior.


En relación cos aparellos para o gran, todos eles de madeira, está a **trabe** ou viga principal que sustenta o tellado do muíño; os **paus da muega**, dous listóns paralelos sostidos por un terceiro pendurado do teito nun dos extremos e co outro ubicado nunha das paredes do tronzo, sosteñen a modo de corredor regulable a **muega** ou queixón de madeira, con forma de tronco piramidal ou de funil onde se bota o millo, trigo ou centeo que se quere moer. A **quenlla**, canaliño de pau con forma de medio tubo, conduce o millo dende a muega ó ollo do muíño. Pendurado da moega está o **cacarexo** ou palitroque que finca na mó abaneando a quenlla provocando a caída do gran.



A vista de paxaro podemos observar a **sigurella** no interior do **ollo** do muíño, o **cacarexo** unido á **quenlla** tendo o conxunto como fondo á **mó**.

As vibracions do cacarexo producidas pola mó na súa rotación, producen na quenlla un movemento de oscilación constante que provoca a caída do gran.






Pasando ó sistema de trituración do gran temos o **pé**, cilindro de pedra posto no centro do tremiñado que serve de base fixa para moer o cereal; sobre el está a **mó**, roda de pedra de forma cóncavo-convexa que fricciona por rotación ó gran.

Segundo o tipo de cereal ó que estivese destinado primordialmente o muíño, a pedra da mó varía: as pedras negras ou do país son as más extendidas entre nós, empregadas na moenda do millo; pero tamén están as albeiras ou brancas, destinadas ó trigo e centeo, pedras más brandas. A súa existencia dá nome ós muíños albeiros.

O **ollo** da mó, ubicado na parte central, pode ser **resaltado** se presenta o borde remarcado na pedra a modo de beizo, que axuda a impedir que o gran salte fóra como consecuencia das vibracións efectuadas polo cacarexo. Pola parte interior presenta un escave, dependendo onde se agarra a **sigurella** que vén da adega. Entre a mó e más o pé axustábase unha peza de madeira chamada **buxa**, feita de madeira deste pau, de forma circular esburacada no seu centro para deixar pasar a **sigurella**, ten unha dobre función: centrar o eixo da bodega e impedir que por este orificio caia o gran ó río. A madeira de buxo permitía resistir a temperatura que alcanzaba provocada pola fricción, sen arder nin consumirse. Coa escaseza desta madeira, botouse man da figueira por ser bastante resistente á calor anque non cambiou de nome.

Os dous niveis que definen o muíño son: o **tremiñado**, espacio limitado do piso do muíño onde cae a fariña, hai quen por extensión lle chama a todo o piso; pero a súa acepción estricta está delimitado polo tabique separador de pedra que ten por misión impedir que a fariña saia esparexida. Delimita




A cruceta vai asentada

a zona de moer propiamente dita dos espacios de estancia e convivencia do muíño e mesmo serve de improvisado catre arrimándolle un armazón de paus para tal efecto. Logo está a **bodega**, que vén sendo a cavidade baixo o piso, totalmente aberta que acolle o sistema de propulsión hidráulicoe nela atópase o **reducio**: roda inicialmente de pau dentada de pequenas palas que abrazan como culleres a auga procedente da canle ou sateira, dependendo dos casos coñecidas como penas do reducio, e que posibilitan o movemento horizontal da roda ó bater nelas o chorro propulsor da auga.

O reducio e todo o conxunto que forma o eixo van centrados e basculantes enriba dunha peza de madeira chamada **arrieiro** e el asentado no chan da bodega. Isto

conséguese gracias á existencia de dúas pezas a penas visibles dende o exterior chamadas **grilos**, especie de aguillóns de ferro incrustado no arrieiro e no remate da vara do reducio, que é o que permite suspender centradamente todo o sistema mecánico. Antigamente eran simples croios do proprio río adaptados. O grilo



- 10 -


incrustado no arrieiro recibe tamén o nome de **obradoiro**

O eixo ou sistema de transmisión da força consta das seguintes partes:

A **vara do reducio**, ou pau tronco cónico que incrusta no reducio con caras hexagonais e únese ó arrieiro polos grilos, comunicando este co **lovetе**, pau circular que forma a parte central do eixo e que dá o testigo á **sigurella**, peza de ferro que atravesando o pé do muíño por un orificio chamado sésigas, más a buxa, incrusta nos escabes da mó suspendéndoa para que poida xirar. O amarrado das tres pezas, lovete coa vara do reducio máis a sigurella efectúase mediante **argolas ou sunchos**, aros de ferro a medida que apretan centrada e encaixadamente as xuntas. Estes sunchos facíanse no ferreiro soldadas "a caldea", procedemento este de poñelos a altas temperaturas para a súa unión co posterior enfriamento, sen necesidade de remaches.

Todo o sistema mecánico descrito compleméntase co seu control dende o tremiñado mediante a **cruceta**, pau que sobe directamente dende o lateral do arriero co que conexiona o tremiñado. É aquí onde se controla a baixada e subida do reducio que á súa vez sobe ou baixa a mó, mediante cuñas que aportan a altura precisa.

A cruceta recibe este nome pola figura de cruz que representa no tremiñado co cruce transversal do pau no que apoian as cuñas. Dado o peso do que se trata, para levantar ou baixar a cruceta mediante cuñas apaláncase con outro pau ó efecto chamado **calcadoiro**. O mesmo pau servía ás veces para calcar no millo da muega e desatragantar a saída .



Eran aparellos secundarios da estructura: o **pousadoiro**, pedra situada á porta do muíño para axudar a levar á cabeza ou ó lombo os sacos de millo ou fariña; o **banco do burro**, cabalete de pau de catro patas para soster a mó cando se baixa para picala; a **pa**, que provista dun rabo longo era utilizada para botar a auga dentro ou fóra da canle dende o interior do muíño. Hai casos de pas sen mango - muíño do Tombo - que obriga a saír fóra e interpoñer unha táboa na canle.



AS PECULIARIDADES DOS MUÍÑOS

A figura entre nós más extendida é a dos muíños de lindeiros. Estes eran os seus custodios. Tiñan que facerse cargo mancomunadamente das reparacións, dos amaños e das picaduras. Houbo tempos nos que tiveron que pagar contribución ó Concello. O dereito a moer estaba regulado por un prorratoeiro previo de horas e días. Normalmente, no inverno moíase polo día e no verán pola noite ou cando as tandas das augas o permitían. Pretendíase moer para oito ou quince días de pan. Unha muíñada levaba ben medio día que, dependendo da posta a punto, podía moer ata un ferrado de pan á xornada. Cando viñan os picadores traían un cotás (martillo-pico), un pico de dúas puntas e un ferro - por un lado cabeza e por outro cuña - para levantar a mó.

En canto ós tipos de fariña, unha vez cargada a muega e botado a andar, o gordo da fariña regulábase na cruceta e

na caída da quenlla: levantando a mó a **fariña** saía máis viva e baixándoa máis muda. Tiñamos varios tipos de calidades: o **óleo**, fariña que cae arrente o pé, moi fina e que servía de papas para os nenos; logo a fariña propiamente dita; o **farelo**, más lonxe do pé, fariña brava con carepas do gran de millo; o **picón**, grans machacados e non mudos.


Cando o millo era novo, o muíño podía embolar, provocando que no lugar da fariña se fixera unha pasta provocada polo verde do millo: dicíase que moía para o ollo, xa que trataba de botar a fariña por onde tiña que tragár o millo; había que desmoelo pasando a vasoira polo ollo e sacándolle os últimos grans, levantar a cruceta e mesmo picar arredor do ollo, buscándolle a moente, é dicir, a caída.



Cópre ter coidado cando se deixa o muíño a moer só, non vaia ser que moa en van, sen millo, xa que roza directamente no pé e desgástase moito máis. Debemos facer o labor con xeito: cargar a muega de millo, botar a auga dentro, baixar o cacarexo, regular a quenlla para que vaia botando a cantidade axeitada - se vai moito a fariña é viva ou mesmo embola - e graduar a cruceta, se a mó está moi levantada os grans saen desfeitos, se está baixiña sae a fariña más muda e fina. Finalmente cando se remata, desmoer o muíño coa vasoira para que quede totalmente limpo, botar coa pa a auga fóra e introducir a fariña no saco.

Dende sempre, polas noites, houbo que durmir nos muíños, especialmente nos tempos de fame para evitar posibles saqueos; pero excepcionalidades aparte, o que si é certo é que arredor do muíño tiveron lugar moitas das

relacións sociais e humanas como lugar privilexiado xunto con ríos, fontes e lavadoiros nos que eran centro e punto de encontro:

*"Fomos Rosiña máis eu ó muíño
para que a fariña non foran roubare
e a media noite por un buraquiño
Rosiña asustada, colléuseme a min
E eu a Rosiña tamén me collín.
Despois non me acordo
despois xa non sei;
o susto do corpo por fin llo quitei.*





DATOS DOS MUIÑOS

RÍO DO INFERNO



NOME DO MUÍNO

<u>NOME DO MUÍNO</u>	<u>OBSERVACIÓN</u> S
● O Pardo	De canle. Ollo resaltado. Non ten pousadoiro. Pá distante.
● Río Mao	De canle. Ollo resaltado.
● O Esqueiro	Canle longa. Tellado a dúas augas. Saeteira para a pá.
● ¿Meixide, Viniña, Ferreira, Rodeira?	Muíño de canle. Tellado a dúas augas. Dous pousadoiros.
● Ferreira	De canle. Inundado.
● Cabanas	De cubo. Ollo resaltado. Presbítero.
● ¿Infestas?	De cubo. Ruinoso. Canle previa. Fogón e cheminea.
● Fradín	De canle. Ruinoso. Emboscado, anegado.
● Novo ou Amoedo	De cubo. Ollo resaltado. Porta e adega mesmo lado.
● O do Medio	De cubo.
● Batán	De canle. Emboscado.
● Portocarreiro	De canle. Ollo resaltado. Rebos.
● O da Ponte	De canle. Posibilidades de conservación.
● O da Rebola	De canle. Tellado a dúas augas. Ollo resaltado.
● Ghontello	De canle. Ruinoso.
● Os Padróns	De canle. Dúas mós. Iniciais gravadas en pedra.

RÍO DA DEVESANOVA

NOME DO MUÍNO

<u>NOME DO MUÍNO</u>	<u>OBSERVACIÓN</u> S
● Da Costa	É un muíño de canle. Soterrado
● O das Maia	Muíño de canle. Ten dous pés no exterior. Estado ruinoso
● Maquia dos Fazáns.	De bruia ou noria. Ruinosa.
● O Novo	É un muíño de cubo.
● O Patrón	De cubo. Ollo resaltado.
● O Gonzalo/ez.	De cubo. Construído en pedra de sillería. Posibilidades para recuperar.
● O das Lobeiras	De cubo. Muíño reformado.
● O da Ponte.	De cubo. Bastante bo estado.
● O Paso	De canle. Emboscado.
● O Salgueiro	De canle. A pá está a distancia. Dúas augas.
● O Corso	Muíño de canle. Irregular.
● Maquia dos Freire	Ten tellado a dúas augas. Noria de pau. Recente edificación en ladrillo. Ruinoso.
● Cubo Novo	Soterrado baixo taller Citroën.
● Cubo Vello	Muíño con paredes de sillería. Posibilidades de restauración.
● O da Fonte	Recentemente desenterrado. Estado Ruinoso.
● O Pequeno	De canle. Recibe a auga do anterior.



*FE DE ERRATAS

(nas páxinas de datos dos muíños omitíronse os que a continuación se detallan).

RÍO DO INFERNO

- * Pradorrío De canle longa. Posibilidades de conservación.
 - * Seara ou Albares De canle. Mando a distancia.
 - * Bouteiro ou Balteiro De canle. Apenas quedan restos soterrados.
 - * Muíño Novo De canle. Ollo resaltado.
 - * Xan Freire De canle. Ollo resaltado. Pousadoiro interior.
 - * Do Inferno De canle. Dous pousadoiros.
 - * O Coto De canle. Posibilidades de conservación e restauración.
 - * Muíño albeiro Emboscado.
 -
- Hoxe casa habitada. Dúas adegas. Antigamente dous reducidos e mós. De cubo

RÍO DA DEVESANOVA

- * O Pelonia De canle.
- * O Xoanete De canle. Ruinoso. Tellado a dúas augas.
- * O Escribano De canle. En bastante bo estado. Posibilidades de conservar.
- * Mouro De canle. Bo estado. A conservar.
- * Martuxo ou Mouro do liño De canle. Ruinoso.
- * O Tombo De canle. Restaurado polo Concello.
- * Da Devesa De canle. Emboscado..